



## **BANDO MUNICIPAL**

**O SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR.**

**FAI SABER:**

Resolución na Xunta de Goberno Local de data 17/06/2020 do expediente Nº 839/2020, na que se ESTABLECEN AS SEGUINTE MEDIDAS EN RELACIÓN CO SERVIZO DE RECADACIÓN DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES DE URBANA, RÚSTICA E BICES (IBI URBANA, RUSTICA E BICES 2020):

**PRIMEIRO.-** A oficina de recadación para calquera xestión que os administrados queiran pódense facer telefonicamente, sendo os teléfonos de contacto do Servizo de Recadación os seguintes: 988 22 62 14 - 988 25 93 85

*Como consecuencia desta situación especial, establécense as seguintes medidas:*

**SEGUNDO.-** O período de cobro do Imposto de Bens Inmobles de Urbana e Rústica (IBI Urbana e Rústica) do 2020, amplíase este ano de 2 a 4 meses, quedando establecido o período de pago en voluntaria da seguinte maneira:

**PERÍODO DE PAGO DE IBI URBANA E RÚSTICA 2020:** dende o **01/07/2020 ata o 02/11/2020**.  
No caso dos recibos domiciliados serán cargados a partir do 01/10/2020.

**PERÍODO DE PAGO DE BICES 2020:** dende o **01/07/2020 ata o 31/08/2020**.

No caso dos recibos domiciliados serán cargados a partir do 20/07/2020.

**TERCEIRO.-** No caso de AUTOLIQUIDACIÓNS, os administrados deberán comunicarse telefonicamente coa oficina de Recadación, que lles facilitará o recibo para proceder ao seu pago.

**CUARTO.-** Os pagos dos tributos e prezos públicos municipais farase mediante transferencia bancaria ou nos caixeiros automáticos das Entidades Colaboradoras (ABANCA). No caso de escoller a transferencia bancaria a oficina de recadación facilitará o IBAN da conta de Recadación onde deben realizar os ingresos.

En O Pereiro de Aguiar, a 1 de xullo de 2020.

O Alcalde, documento asinado dixitalmente

---

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

